

Boletín N° 130. Sábado, 8 de junio de 2002

- III. ADMINISTRACIÓN LOCAL - III.2 MUNICIPAL - CULLEREDO - ÁREA DE MEDIO AMBIENTE

ANUNCIO *Pág. 4712 Reg. 5507-PD.*

[!\[\]\(d66ff64371a51729ac8c1cdaa685ba6f_img.jpg\) Anterior](#) [Siguiente !\[\]\(0f31ebba7abcd47777e178db26f29705_img.jpg\)](#)

Regulamento Conservatorio grao medio

O Pleno Municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día vinteún de marzo do ano dous mil dous, acordou aprobar inicialmente o Regulamento de funcionamento do Conservatorio de música de grao medio de Culleredo.

Transcorrido o período de información pública sen presentarse alegación algúns e de acordo coas prescricións do artigo 49 da vixente Lei 7/85, de bases do réxime local, enténdese definitivamente aprobado, polo que, por resolución de Alcaldía de data 23 de maio de 2002, acórdase a publicación do texto do citado regulamento.

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO CONSERVATORIO DE MÚSICA DE GRAO MEDIO DE CULLEREDO

Artigo 1.-Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto, regula-lo procedemento de adxudicación de prazas no Conservatorio de música de grao medio do concello de Culleredo, en materia de solicitudes de novo ingreso e renovación de prazas.

- 1.1. Terán preferencia as persoas empadroadas no Concello de Culleredo.
- 1.2. Terán preferencia os alumnos/as que renoven praza no centro (para os cursos de iniciación II e os que renoven no grao elemental).
- 1.3. Tamén poderán acceder ós servicios do Conservatorio de música persoas empadroadas noutros concellos.

Artigo 2.-Idades de ingreso e permanencia.

A idade mínima de ingreso queda establecida nos seis anos para iniciación cunha permanencia máxima ata os 8 anos. A idade mínima de ingreso para LOXSE será de 8 anos e a máxima de 14 anos no grao elemental, dando prioridade ós máis novos. Para o grao medio non hai límite de idade.

Artigo 3.-Integración de nenos/as con minusvalías físicas, psíquicas ou sensoriais.

Poderán ingresar rapaces/as con minusvalías físicas, psíquicas ou sensoriais de acordo coa lexislación vixente e nas condicións que nesta se especifiquen.

Artigo 4.-Solicitudes de novo ingreso.

- 4.1. As solicitudes de novo ingreso faranse no modelo oficial e presentaranse no Conservatorio de música, dentro do prazo establecido para tal efecto.

4.2. Dende a Administración responsable prestarase a colaboración necesaria ós usuarios para cubri-la solicitude, co fin de os datos estean debidamente acreditados.

Artigo 5.-Documentación que se ha presentar.

5. 1. Os adultos e os pais ou representantes legais do alumno/a tramitarán as solicitudes para o seu ingreso no Conservatorio.

5.2. Os alumnos admitidos achegarán os seguintes documentos:

- Certificado médico oficial ou traslado do expediente no caso de proceder doutro centro.

- Fotocopia do DNI ou libro de familia.

- 3 fotos tamaño carné.

- Resgado de ter aboados as taxas correspondentes en concepto de matrícula.

- Autorización para domiciliación bancaria en concepto de cotas mensuais.

- Copia da declaración da renda do último exercicio (ou calquera outro documento que a substitúa), para aqueles alumnos que soliciten subvención municipal.

- Xustificación de familia numerosa, de se-lo caso.

Artigo 6.-Reserva de prazas.

6.1. Os alumnos xa matriculados no Conservatorio que desexen renovar praza no centro (sempre que pasen a iniciación II, promocionen no grao elemental ou promocionen no grao medio) deberán matricularse no mes de xuño e aportar a seguinte documentación:

- Resgado de ter aboados as taxas correspondentes en concepto de matrícula.

- Autorización para domiciliación bancaria en concepto de cotas mensuais, no caso de cambia-la domiciliación con respecto ó curso pasado.

- Copia da declaración da renda do último exercicio (ou calquera outro documento que a substitúa), para aqueles alumnos que soliciten subvención municipal.

- Xustificación de familia numerosa, de se-lo caso.

6.2. Non poderán renovar praza aqueles que teñan mensualidades non pagadas de calquera outro curso no momento de formaliza-la solicitude ata que acrediten o ingreso destas, polo que deberá estar ó día dos débitos de cursos anteriores.

6.3. O Conservatorio de música disporá dun número de prazas de acordo ós presupostos deste, ás instalacións e ó número de especialidades e profesorado.

Artigo 7.-Criterios de admisión.

Serán os seguintes, segundo o curso ó que optan:

7. 1. Iniciación I

1.º Prevalece o empadroamento no Concello de Culleredo.

2.º Idade.

3.º Orde de inscrición.

7.2. Iniciación II

1.º Os que estaban inscritos o curso anterior en Iniciación I.

2.º Empadroamento no Concello de Culleredo.

3.º Idade.

4.º Orde de inscrición.

7.3. Grao elemental

7.3.1. Os alumnos que promocionan teñen reservada praza no seguinte curso de grao elemental.

7.3.2. Os alumnos de novo ingreso:

1.º Empadroamento no Concello.

2.º Idade.

3.º Realización dunha proba de acceso.

4.º No suposto de que o número de prazas por instrumento ofertadas sexa inferior ó número de alumnos que reúnan os requisitos anteriores, teríase en conta a orde de inscrición nas solicitudes da matrícula da proba de acceso.

7.4. Grao medio

7.4. 1. Os alumnos que promocionan teñen reservada praza no seguinte curso de grao medio.

7.4.2. Os alumnos que queiran acceder ó grao medio deberán matricularse no mes de maio ou setembro, en ambos casos sempre que exista oferta de especialidades instrumentais, para realizar a proba de acceso. En xuño ou setembro, de supera-la proba, matricularanse do curso ó que optan.

Artigo 8.-Tarifas.

8.1. As tarifas son as establecidas e aprobadas polo órgano de goberno facultado para tal efecto, segundo contías que se especifican na ordenanza fiscal correspondente.

8.2. O pagamento será mensual e deberá aboarse o primeiro día de cada mes.

Artigo 9.-Baixas.

Son causa de baixa no Conservatorio calquera das que se expoñen de seguido, se prexuízo de calquera outras que se poidan determinar, previo acordo dos órganos correspondentes.

- Solicitud do alumno/a e dos pais ou titores legais no caso dos menores de idade.

- Non pagamento das cotas establecidas.

- Comprobación da falsidáde nos documentos ou datos achegados.

- Razóns que poidan xurdir, coa proposta da dirección do Conservatorio.

No caso de baixa dun alumno/a non procederá a devolución das taxas, segundo se especifica na circular número 5/1995, do 9 de maio, da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Centros.

Artigo 10.-Horario

O horario será o adecuado a cada curso ou concepto no que o alumno estea matriculado.

Artigo 11.-Uso das dependencias

As dependencias do Conservatorio serán solicitadas con tempo suficiente á Concellería de Educación, Desenvolvemento Local e Plan de Emprego, onde se estudiará a disponibilidade, e sempre que non interfira no funcionamento da actividade propia do centro, se dispoña de persoal e sexa debidamente atendida.

Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo de quince días ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril.

Contra este regulamento poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Culleredo, 23 de maio de 2002.

O alcalde, p.d., a concelleira de Educación, Desenvolvemento Local e Plan de Emprego (Resolución 22.10.1999; BOP 13.11.1999), Carmen Varela Corbelle.

Reg. 5507-PD

